

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALICIA DE BOS AIRES, CULTURAL, SOCIAL E DEPORTIVO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de Xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

O Centro Galicia de Bos Aires, Cultural, Social e Deportivo é unha entidade civil sen ánimo de lucro que ten entre as súas finalidades:

a) Propiciar e facilitar o coñecemento da historia, costumes e cultura da República Arxentina, difundir os principios da súa Constitución, manter e acrecentar un patriotismo san, afondar o amor á nacionalidade e espallar o respecto polas institucións que a rexen. Asemade, pretende contribuír ao estudo, coñecemento e difusión da historia, cultura e costumes de Galicia e dos demais elementos e manifestacións que emanan da vida do seu pobo, político e administrativamente organizado, como goberno autónomo dentro das comunidades históricas de España e, por ende –e como tal– manter tamén a difusión e defensa de todos os valores da hispanidade.

b) Ter unha biblioteca, editar unha publicación periódica informativa de divulgación cultural sen fins de lucro e manter permanentemente viva a lembranza dos costumes e tradicións que forman parte do acervo cultural da República Arxentina e de Galicia, cultivándoas e espallándoas.

c) Procurar axuda, orientación e consello aos galegos emigrantes e propender a que se integren dentro do seo da nosa colectividade e se adapten ao medio social arxentino.

Que, en consecuencia, as actividades que realiza o Centro Galicia de Bos Aires, Cultural, Social e Deportivo redundan na defensa da colectividades galega e contribúen a reforzar a súa cohesión, entre si e coa súa terra de orixe. O seu papel é sobranceiro no mantemento dos lazos culturais e sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, lingua e cultura.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.



Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para contribuír ao mantemento do Centro Galicia de Bos Aires, Cultural, Social e Deportivo, á vista da importancia das actividades que desenvolve, e da repercusión destas tanto na cidadanía de Bos Aires como en especial nos galegos residentes na República Arxentina.

A Secretaría Xeral da Emigración, para colabora no financiamento das actividades a que se refire o presente convenio, aportará a contía máxima de sesenta mil euros (60.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 34.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia par o ano 2017, coa que contribuírá aos gastos de mantemento, conservación, provisión de serizos e bo funcionamento de todas as instalacións e actividades que desenvolve o Centro Galicia.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2017, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

